



## NOVELA

# Pérez Zúñiga fabula o desexo

O escritor Ernesto Pérez Zúñiga alzouse o pasado mes coa XVI edición do Premio Internacional de Novela Luís Berenguer con *El segundo círculo*, unha gran construción literaria sobre o desexo, o inconsciente e o mundo dos mortos, que xa está nas librarías publicada por Algaída.

*El segundo círculo* retoma un dos xéneros que en España non ten moita tradición, o da imaxinación, e é que esta novela é unha historia "total", que indaga no desexo, un mundo que, como explica o autor, no libro está representado polo oculto, por un coro grego de xente que mira o que

lles está acontecendo ós personaxes da narración.

*El segundo círculo* conta a historia dun pobo case abandonado chamado Lumbres, no que viven un matrimonio vello, un cura e un pastor. Todos eles imbuídos pola súa soidade e polo recordo dos seus antepasados.

Uns personaxes ós que lles toca presenciar, atemorizados e sorprendidos, a aparición de xente que chega a unha moderna urbanización que construíron á beira da vila. E uns veraneantes entre os que se atopan dúas parellas, que son os protagonistas e os seus fillos. ● EFE